



NOMEAMENTO OU RENOVACIÓN COMO VETERINARIO/A ACTUANTE DO REXISTRO GALEGO DE IDENTIFICACIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA (REGIAC)

1. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDES

De acordo co disposto nos artigos 14.2 da [Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) e 10 da [Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia](#), están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, as persoas xurídicas, quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional e os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

Tendo en conta isto, a solicitude debe presentarse unicamente a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia empregando o procedemento [MT812D - Inscripción, modificación, renovación ou baixa como veterinaria/o actuante do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía \(Regiac\)](#). A este formulario deberán anexar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para o seu nomeamento ou renovación como veterinario/a actuante do Regiac.

A solicitude deberá estar asinada pola persoa solicitante e deberá dirixirse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Desde a conta de correo electrónico animaisdomesticos.conservacion@xunta.gal poderemos informarlle detalladamente sobre outros aspectos do contido da súa solicitude, forma de presentación e detalles sobre o procedemento para a súa resolución que non quedaran suficientemente aclarados nesta comunicación ou calquera outra dúbida que poda xurdirlle durante este procedemento.

2. REQUISITOS QUE DEBERÁ ACREDITAR PARA O NOMEAMENTO OU RENOVACIÓN COMO VETERINARIO/A ACTUANTE DO REXISTRO GALEGO DE IDENTIFICACIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

A. Estar inscrito/a no Colexio Oficial de Veterinarios:

- Certificado orixinal ou copia que acredite que está inscrito nun Colexio Oficial de Veterinarios. O certificado ten que ter unha data de expedición non anterior aos 3 meses dende a data da presentación da solicitude.

B. Estar de alta para o exercicio libre da profesión veterinaria.

B.1. Traballadores/as por conta allea: Deberán acreditar que están contratados para o exercicio da profesión veterinaria. Este requisito pódese xustificar, entre outros, mediante algún dos seguintes documentos onde conste a súa categoría profesional:

- Copia da última nómina.
- Copia do contrato de traballo (en caso de que non transcorreran máis de tres meses dende a súa formalización).

B.2. Traballadores/as por conta propia: Deberán acreditar que están dados de alta na actividade veterinaria (7500-Veterinarios/as e Clínicas veterinarias). Este requisito pódese xustificar, entre outros, mediante algún dos seguintes documentos onde conste a actividade:

- Informe de vida laboral actualizado.
- Informe da situación actual do traballador da Seguridade Social.
- Copia da resolución de alta no réxime especial da seguridade social dos traballadores autónomos ou declaración censal de alta no censo de obrigatorios tributarios da Axencia Tributaria (I.A.E) (en caso de que non transcorreran máis de tres meses dende a súa formalización)

C. **Pagamento das taxas para a primeira inscrición ou renovación do nomeamento (2023)**

C.1. Primeira inscrición

Cod. Taxa	Concepto	Importe (€)
300200	Inscrición en rexistros oficiais: Primeira inscrición	10,47

C.2 Renovación nomeamento

Cod. Taxa	Concepto	Importe (€)
300200	Inscripción en rexistros oficiais: Modificacións da primeira inscrición	5,28

O pagamento pode realizarse a través de [ATRIGA pago taxas](#)

Datos para a realización do trámite de pagamento:

Consellería: 15- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Delegación: 13 Servizos Centrais.

Servizo: 04- Dirección Xeral de Patrimonio Natural